

ÍÑIGO URKULLU

Presidente do Partido Nacionalista Vasco

entrevista T

Zapatero e PSOE confunden a descentralización co estado plurinacional

Luis Álvarez Pousa

A entrevista ocupou o tempo de espera no aeroporto compostelá. Íñigo Urkullu, presidente do Partido Nacionalista Vasco, fala de vagar pero sen pausa. Vén de coprotagonizar con Anxo Quintana e Artur Mas un acto conmemorativo de Galeuscat, no que denunciaron as rémoras políticas que seguen pexando os autogobernos de Galicia, Euskadi e Catalunya. “Esta nosa alianza ten a día de hoxe máis sentido ca nunca, para conseguir facer real a plurinacionalidade do Estado que recoñece a propia Constitución”. Ata o momento de anunciar a saída do seu voo a Bilbao, a cinta recolleu todo tipo de argumentos ratificándose nesa porfía. Non ve outro camiño que leve á normalización e á pacificación. Coa lei de consulta no Constitucional, e cos partidos estatais reactivando o pacto anti ETA que xa os excluía a eles e ao goberno de Vitoria no pasado, non cabe ningunha dúbida sobre a oportunidade da conversa. O aviso de embarque obrigou a completar o seu discurso vía electrónica.

A diferencia de Rajoy, o presidente Zapatero ten recoñecido a existencia do estado plural. Non significa un avance a respecto de cantos nunca pasaron como moito da diversidade rexional?

Coido que nesta cuestión Rodríguez Zapatero é un improvisador. Xoga a curto prazo, e sempre en clave partidaria. É no discurso dos dereitos sociais, no das liberdades públicas, onde el interpreta a pluralidade do Estado. Non o entende baseándose na existencia no seu seo de diversas nacións, que é do que se trata. Para defenderse das nosas reivindicacións, acostumbra a dicir que España é o estado máis descentralizado de Europa, confundindo unha descentralización administrativa co que é un estado plurinacional, que se corresponde cos feitos diferenciais de Galicia, Euskadi e Catalunya recoñecidos na Constitución.

Deducido así que Zapatero estaría sendo sensible ás voces que dentro do PSOE avogan por homoxeneizar o estado das autonomías, aínda á custa de romper coa tradición federalista do partido?

O presidente Zapatero e o PSOE néganse a distinguir entre o federalismo simétrico, baseado nunha simple descentralización administrativa, e un federalismo asimétrico, que é o que respondería ao que está previsto na Constitución. O PSOE vive dende o período da Transición coa consciencia da perda de peso dos estados no proceso de construción da UE, e teme que aceptando esa asimetría, ou o que é o mesmo, a existencia real dos nosos respectivos feitos diferenciais, tamén perda peso por abaixo. E optan entón por un modelo homoxeneizador, entendendo o federalismo non como un sistema de libre asociación, pasando a ter un discurso pretendidamente federalista pero centralizador.

Nas conversas non publicitadas que tivo con vostede, foi sensible e receptivo Zapatero á pretensión do PNV, coincidente coa dos demais nacionalismos periféricos, de facer os cambios necesarios na Constitución para que as diferentes realidades nacionais tiveran unha máis clara ancoraxe nela?

O PSOE vive dende a Transición coa consciencia da perda de peso dos estados no proceso de construción da UE, e teme que aceptando a existencia real dos nosos feitos diferenciais, tamén perda peso por abaixo.



O concerto económico é unha ferramenta que outros poden acadar cando o desexen, pero asumindo un risco. Trátase de xestionar moi ben o recadado, e non sempre axudan as circunstancias.

Non. O que si lle escoitei na intimidación é que quería ter co PNV e no seu caso cos outros partidos nacionalistas unha relación preferente, cuestión que logo nunca se concretou. Nada lle escoitei a respecto dunha hipotética modificación da Constitución para esa mellor ancoraxe.

Se existise esa vontade de retomar na Constitución o relativo aos feitos diferenciais na dirección que vostede identifica como federalismo asimétrico, estaría disposto o PNV a votala?

Poñemos agora mesmo no escenario de se a votaríamos creo que é un exercicio innecesario. Nós insistímoslles ao PSOE e ao PP, e nos dous últimos anos témosllo trasladado reiteradamente ao presidente do goberno español, na posibilidade dun encaixe ou adecuación do autogoberno baseándose na actualización dos dereitos históricos contemplados na disposición adicional primeira da Constitución. Nese caso, estaríamos falando doutra actitude tamén por parte do PNV.

Aínda que non lles afecte, porque o sistema de concerto singulariza en Euskadi e Navarra un modelo diferenciado, asimétrico neste caso, como está observando o debate que se está iniciando a respecto do financiamento autonómico?

Con estupor.

Ben porque o entenden tal cal, ben porque desa maneira eludirían dunha vez por todas esa perenne lea polos diñeiros do Estado, van ter razón entón cantos entenden que ese sistema de cupo é un privilexio...

Non é un privilexio, é unha cuestión de dereitos históricos. Para iso temos unha

lei de concerto económico, e o cupo non é senón a ferramenta que contribúe a poñela en práctica, pois que é como concretamos a cantidade que finalmente acheguemos ás arcas do Estado polos servizos que nos presta en exclusiva. Pero é un modelo que poderían ter aqueles outros territorios que na Transición se decidisen por aplicar o dereito foral. Tal é o caso de Catalunya, que tamén contou cunha tradición de foros en séculos pasados, pero non o quixeron. O concerto económico é unha ferramenta que outros poden acadar cando o desexen. Advertíndolles non obstante que quen o queira reivindicar asume ao mesmo tempo a responsabilidade do risco. Porque se trata de recadar e de

xestionar moi ben o recadado, como temos demostrado os vascos, e non sempre axudan as circunstancias. Por iso digo que o concerto económico non é un privilexio, é un risco.

Os indicadores do estado de benestar en Euskadi non dan idea do risco, senón do éxito. Débense realmente ao que dá de si ese modelo de financiamento propio?

Entendo que si. Ter capacidade de recadación e ter unhas políticas fiscais propias derivadas da lei de concerto económico está facendo, en efecto, que en medio dunha situación de crise como a actual, a de Euskadi sexa a primeira comunidade autónoma en renda per cápita do Estado español. E que o noso nivel de desemprego supoña a metade da media española, e que sexamos ademais a terceira comunidade da UE con menor taxa de desemprego.

Fe de vida

Iñigo Urkullu é presidente do PNV desde 2007. De familia obreira e nacionalista, forxou a súa vocación política nas mocidades do partido, ocupando desde 1984 cargos executivos en Biscaia –presidente do BBB desde o 2000-. Emerxe como líder cando Josu Ion Imaz abandona a política e se fragua unha candidatura de consenso entre os dous sectores que conviven dentro do PNV. Vén da docencia. Nótase na dimensión pedagóxica do seu discurso político, inza-do de referentes estruturais. Condensa ideas de futuro no seu proxecto estratéxico *Euskadi 2020*, que enriquece coas experiencias avanzadas que contrasta nos seus periplos por Europa e EE.UU.

A consulta e as súas secuelas

Vendo como están sucedendo as cousas, seguen defendendo que a consulta é unha cuestión de necesidade, ou admiten que pode distorsionar política e socialmente o proceso que tería que facela posíbel?

O que distorsiona o proceso que debería facela posíbel é a violencia, non a consulta. Cando lles interesa, o PP e o PSOE refúxianse na existencia do terrorismo para non dar pasos na cuestión política, e nós dicimos que a violencia non debería condicionar a axenda política. Pero si que a condiciona, precisamente porque hai outros que se valen da existencia do terrorismo para utilizalo como unha escusa, como un



pretexto, e poder aplicar así o dereito de veto para as iniciativas que permitan afondar na normalización e a convivencia política da sociedade vasca.

Apóñenlle á consulta que ten carácter de referendo, que precisa dunha autorización estatal...

Non se trata dun referendo, senón dunha consulta, que non ten carácter vinculante. As dúas preguntas non alteran para nada o regulamento xurídico existente. A consulta non ten, pois, valor xurídico, senón político. Polo demais, non vexo nada malo en preguntarlle á sociedade vasca se cre que, previo anuncio dun alto ao fogo definitivo por parte de ETA, puidera darse un final dialogado da violencia naquelas cuestións técnicas que requirisen da participación da organización terrorista e do goberno español. Ou para que diga se, en vista dos anos que levamos estancados nun parón que fai imposible afondar no noso autogoberno, debemos ou non os partidos políticos sentar e debater sobre o dereito a decidir, incorporándoo ao que podería acabar sendo un acordo democrático.

Ata onde chega a negativa do poder central para afondar no autogoberno?

Abonda con dicir que trinta anos despois temos a día de hoxe nada menos que 37 materias do Estatuto de Guernika pendentes de transferir. Como se trata dunha lei orgánica, a conclusión que se saca é que os gobernos sucesivos do PSOE e do PP veñen incumprindo de maneira reiterada a legalidade vixente.

Que o goberno de Zapatero ía deter os efectos da lei de consulta aproba-

da polo Parlamento vasco era unha crónica anunciada. Dubidaron ningún momento dentro do PNV sobre a oportunidade de seguir co proceso e co calendario previstos?

Si que tivemos dúbidas. Pero non podíamos esquecer tampouco que se trataba dunha iniciativa institucional, non de partido, que compete a tres formacións políticas. É certo que observamos como o PSOE xogaba a curto prazo, interpretando que podían reeditar nas eleccións autonómicas os resultados obtidos nas xerais, para o que a actitude máis rendible era a de deixar pasar o tempo sen facer nada, e sen ningún tipo de desgaste. Iso constituíu para nós outro factor de dúbida. Pero coincidimos finalmente en que era bo que a sociedade vasca percibise que é o PNV e non o PSOE quen está realmente intentando desbloquear a situación. Que é o noso partido quen desde hai meses lles vén propondo aos socialistas de Euskadi e de Madrid a necesidade de superar de común acordo ese bloqueo.

Fixéronlles chegar algunha alternativa concreta a respecto da folia de ruta marcada desde o Goberno vasco para a negociación sobre o dereito a decidir?

Esa nosa vontade política levounos a dicir expresamente que se o presidente do Goberno español e o PSOE tamén a tiñan, estabamos dispostos a marcarlle ritmos diferentes á iniciativa institucional que viña de presentar o lehendakari no Parlamento.

Ofreceulle vostede a Zapatero a posibilidade de alterar os ritmos dos que fala?

Ofrecín.

Non aceptou?

Non aceptou. Todo o que respondeu reduciase a esperar ata que pasen as eleccións. Sinalou que non ía facer nada por mor das presións que recibe do Partido Socialista de Euskadi. Despois do sucedido coas conversas que o PSE tivo con Batasuna en anos pasados, e que o Goberno español tivo con ETA, chegan á conclusión de non moverse. Moveríanse se Batasuna estivese hoxe nas institucións, para ver en que medida podían condicionar ao PNV. Pero non o está, agás os apéndiceos do Partido Comunista das Terras Vascas e ANV, que están en risco de desaparecer baixo a lei de partidos. Así que o mellor para o PSE e para o presidente do Goberno español é estarse quietos esperando as vindeiras eleccións.

Temos a día de hoxe 37 materias do Estatuto de Guernika pendentes de transferir. Os gobernos sucesivos do PSOE e do PP veñen incumprindo de maneira reiterada a legalidade vixente.

De todas formas, as eleccións xa son inevitables, non si?

Están no calendario.

No calendario do próximo outono, ou no de febreiro?

O calendario lévanos a marzo-abril do ano que vén. Nós como PNV cremos que un goberno nace cun programa, e que hai que ofrecérllelo aos cidadáns co máximo de cumprimento posible. A consulta é unha ferramenta, non un obxectivo en si mesmo.

En moitas portavocías mediáticas aparecen unidos a consulta e a independencia...

Inténtase efectivamente mesturar a consulta cos obxectivos do independentismo, para contaminar interesadamente o que é un proxecto lexítimo. Pense que o que fai a lei de consulta non é senón abrirle camiño ao artigo 9.2 do estatuto de Guernika que fala da participación dos vascos e vascas nas tomas de decisión políticas. Pero tamén sabemos da utilización que dese proxecto está a facer a autodenominada esquerda abertzale, pois inmediatamente de que un dos seus deputados lle dera o voto, largou un discurso de todo incongruente co que fixera o lehendakari.

Contan con que a esquerda abertzale non se poida presentar ás eleccións?

Até hai uns meses, eu pensaba que Batasuna tería opcións de estar nas próximas eleccións autonómicas se ao Partido Socialista lle interesaba. Pero despois das últimas detencións, e sobre todo despois do asasinato de Iñaki Carrasco en Mondragón, vexo moi difícil que neste momento poida xogar como xogou nos anos recentes

coa arbitrariedade na aplicación da lei de partidos políticos, deixando que unha formación política como ANV se presentara nuns municipios e outros non. Na situación en que estamos hoxe, é moi difícil que iso volva suceder.

Por que?

Despois da ruptura do alto o fogo, creo que ETA decidiu clandestinizar-se, endurecendo tódalas posturas. Coa mesa nacional de Batasuna no cárcere e sen poder contar para a actividade política pública cos líderes referenciais doutra hora, é moi difícil que se dea o paso que esa organización tería que dar fronte a ETA apostando polas vías exclusivamente políticas. É o que me leva a pensar que dificilmente poderán estar nas próximas eleccións.

O euskobarómetro reafirma novamente o descenso dos que en Euskadi avogan pola independencia. Ten algo que ver niso o desespeiro ou a decepción por como ETA se enroca en vez de facilitar o desbloqueo ao que antes aludiu vostede?

Non creo que teña que ver só coa actividade de ETA. Enténdoo máis ben por razóns sociolóxicas ou sociopolíticas. Ten moito que ver co cambio ideolóxico que se dá en función dos cambios sociais e xeracionais. Constatamos na Europa occidental, e polo mesmo en Euskadi, un modelo de sociedade menos ideoloxizado politicamente do

que o era hai dez anos. Así como os maiores de 40 anos viviron a política no punto áxido da reivindicación dos sinais identitarios, os que agora teñen menos non tiveron sequera a oportunidade de participar por razóns de idade no referendo do Estatuto de Guernika. Pense que se trata do 49 por cento dos cidadáns vascos. Tamén é certo que a idea de independencia admite hoxe en día moitos máis matices.

Sempre se fala das secretas intencións independentistas que aníñan no corazón do PNV. Entra nos obxectivos do partido esa opción?

Eu creo que fomos sempre absolutamente transparentes, e seguímolo sendo. O curioso é que aqueles que o din, coidando que desa maneira nos identifican cos que buscan ese obxectivo independentista a través da violencia, son os mesmos que no pasado fixeron alianzas connosco. Lembre que nós apoiámos a investidura de Aznar no 96, tivemos pactos co PP en concellos como o de Bilbao e outros durante a década dos 90, e tamén tivemos pactos co PSOE, e mesmo formamos parte con el dun goberno de coalición. Polo demais, as mesmas reivindicacións nacionalistas que temos agora tivémolas sempre. Outra cousa é que interesadamente se utilice esa acusación, en función de que ao partido que goberna no Estado lle interese unha ou outra imaxe do PNV.

Todo o que está pasando a raíz da lei de consulta parece reafirmar que o PNV non ten un plan B. Teno en cambio o tripartito?

Non, en absoluto. O que digan outros partidos políticos da coalición de goberno é cousa súa, e non ten por



Iñigo Urkullu, Anxo Quintana e Artur Mas, na celebración do pasado 26 de xullo do 75 aniversario do Pacto de Compostela asinado en 1933 polos nacionalistas de Euskadi, Galicia e Catalunya.

que comprometer ao socio maioritario dela. Cando fala publicamente, o PNV tenta sempre facelo de maneira sensata, asumindo a responsabilidade de estar á fronte dun goberno institucional. Nós representamos un nacionalismo de compromiso institucional, e sabemos o que supón exercer de acordo co que iso significa.

En todo caso, o que si parece claro é que de Euskadi para abaixo fraguou a idea de que o PNV esconde secretas intencións. Considera, como no seu día suxeriu Iosu Ion Iñáñez, que é por iso polo que sería moi importante cativar os que así pensan?

O importante para min é como seducir con ideas e proxectos a sociedade á que nos debemos, a vasca.

Desde a oposición, e máis en concreto desde o PSE de Patxi López, interpretan que a iniciativa da consulta forma parte desa estratexia sedutora, que para eles está única e exclusivamente ligada a unha causa electoralista...

Si, din que a lei de consulta xorde dun proceso electoralista. Esquecen o pasado, porque non lles interesa telo en conta. A iniciativa presentada polo lehendakari non se pode entender se

non se ten en consideración o proxecto co que en 2004 tentamos unha reforma en profundidade do Estatuto de Guernika, que nin sequera foi admitido a trámite nas Cortes Xerais do Estado. Non se pode entender se non se entende tampouco que en 1998 o lehendakari Ardanza presentou na Mesa de Ajuría Enea un proxecto no que se falaba do ámbito de decisión vasco e da súa incorporación ao ámbito xurídico estatal. Daquela, os socialistas non tiñan problema en aceptalo, pero como quen gañara as eleccións do 96 fora o PP, e temían custos políticos que lles poderían dificultar a volta ao poder, dixeron que se os populares non entraban, eles tampouco. E non se pode entender esta iniciativa de agora se non se entende que hai vinte anos, en 1988, o PP e o PSOE avalaron o pacto de Ajuría Enea, no que se falaba de pacificación e normalización política, da incorporación á vida institucional da autodenominada esquerda abertzale, así como do afondamento no autogoberno. Polo demais, que pretensións electoralistas vai ter unha iniciativa que ten os seus pasos taxados dende setembro de 2007, cando as eleccións autonómicas corresponderían no seu caso en marzo ou abril do 2009?

Acúsaos indirectamente de non estar a favor de reforzar os niveis de autogoberno?

Parto de que afondar no autogoberno non está ligado exclusivamente ao que é a simple descentralización de competencias. Pero falemos tamén destas últimas. En 1981 promovén a LOAPA, que era na práctica a negación das competencias estatutarias. Hai incluso materias xa transferidas ao Goberno vasco que foron laminadas pola vía das leis de bases. No ano 1995, o Parlamento vasco aproba por unanimidade un informe de prioridades, sinalando 45 materias pendentes de transferir. Desde aquela, pasaron xa trece anos. Pois ben, desas 45 materias transferíronse oito. Con Rodríguez Zapatero, ningunha. Quen ten en todo isto unha exclusiva intención electoralista é precisamente o presidente do goberno español, que no único en que pensa é en como conseguir que Patxi López sexa lehendakari.

Un novo proceso de pacificación

Aceptar poñer en marcha un proceso de pacificación e normalización política como o lehendakari lle propuxo ao presidente do goberno

O presidente do Goberno español modificou a súa estratexia perante ETA, pasando á dinámica da acción-reacción, Porque hai eleccións autonómicas e pensa que Patxi López ten posibilidades de gañar.

español, tendo como punto de partida o que PNV, PSE e a chamada esquerda abertzale estiveron a punto de firmar en Lolola, que significado tería?

Un novo proceso de pacificación ten que partir dun alto o fogo definitivo de ETA. Estamos convencidos de que esta é a única maneira en que terá posibilidades de éxito. Do único que se debe falar nese proceso, tal e como se comprometeu a mesma Batasuna na súa declaración de Anoeta, é do que afecta ao desarme, os presos e a situación dos propios membros de ETA. Outra cosa ben distinta son as bases do que falamos entre o PSOE, a autodenominada esquerda abertzale e o Partido Nacionalista Vasco en Loioa. Estamos falando de compromisos políticos e iso só lle corresponde aos partidos políticos. E as bases que case estivemos a punto de aprobar en Loioa son un excelente punto de partida, sen modificación do ordenamento xurídico, pero incorporando a el os acordos acadados polos partidos verbo da articulación interna e relación externa de Euskadi, referendados pola cidadanía vasca.

Pensa, como declaraba recentemente o profesor de ciencia política Pedro Ibarra, que o peor agora para ETA é a indiferenza cabreada da sociedade?

A ETA dálle igual o que pense a sociedade vasca en xeral. Lévoa demostrada desde hai máis de 30 anos. ETA dirixese a un determinado espectro político que é o seu sustento social. Existe, polo tanto, un determinado fenómeno social que vai máis alá dos comandos ou activistas de ETA. Por iso o final da violencia en Euskadi, o

final definitivo, ten que ir acompañado dun diálogo e non só de medidas policiais, que tamén.

Ata que punto a eficacia policial e xudicial dos últimos meses podería dar pé a crer que non é imprescindible a vía do diálogo e a negociación para acabar definitivamente con ETA?

Dixeno antes. O diálogo para un final definitivo vai ser imprescindible, previo a un anuncio de alto o fogo definitivo. Zapatero e Rajoy reeditan o seu pacto antiterrorista sen contar nin co PNV nin con Ajouria Enea, goberno do que depende ademais a ertzaintza. Que percorrido lle augura a esa iniciativa?

A mesma que a anterior, aínda cando non teña o preámbulo do pacto anterior. Antes serviu como arma arrebaldiza entre os dous partidos políticos. E agora, a medio prazo, tamén servirá para iso. Hai unha pelexa entre os dous, PP e PSOE, para aparecer ante a sociedade como o partido máis ou menos dialogante e propenso a consensos nun tema tan delicado como o do terrorismo. Non son necesarios acordos escritos e asinados para avanzar no camiño da paz, xa que é un tema moito máis complexo do que se debuxa por PSOE e PP.

O presidente Zapatero sempre defendeu nas súas diatribas contra o PP a necesidade de contar co PNV na estratexia contra ETA. O cambio de actitude obedece exclu-

sivamente ao fracaso negociador da pasada lexislatura? Ou cre que son outras as causas que a motivan? As presións do PSE talvez?

O que creo é que o presidente do Goberno español modificou a súa estratexia perante ETA pasando á dinámica de acción-reacción, e aparcoou calquera posibilidade de desenvolvemento normalizado do autogoberno vasco. Aparcoou, porque hai eleccións autonómicas e pensa que Patxi López ten posibilidades de gañar. E cre que a mellor estratexia é esta. E esta situación non lle interesa, nin quere ningún acordo co Partido Nacionalista Vasco.

Ten o PNV, máis alá do que puidese comportar nesa dirección a proposta do dereito a decidir, unha estratexia propia para a definitiva pacificación de Euskadi?

Si, témolos. E explicitámolos no noso relatorio político e no meu propio discurso de proclamación como Presidente do EBB. A paz ten que vir do abandono definitivo da violencia por parte de ETA e da apertura dun proceso con luz e taquígrafos no que os parlamentos teñan un papel fundamental. Este proceso tense que levar adiante segundo cinco puntos desenvolvidos de acordo coa condena e rexeitamento do terrorismo, á deslexitimación social do terrorismo, ás medidas educativas e sociais, á derogación da aplicación de medidas políticas excepcionais e á atención ás vítimas do terrorismo. A partir de aí, evidentemente, será necesario conversacións e diálogos discretos. Aínda que neste momento, desgraciadamente, non se dan as circunstancias para iso.